XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA

CIXTEC
Centro Informático

(Empregado público)

OFICINA VIRTUAL

# Guía rápida de acceso

## Oficina Virtual do empregado público

# 1. COMO REXISTRARSE NA OFICINA VIRTUAL DO EMPREGADO PÚBLICO?

1. Para rexistrarse como usuario na Oficina Virtual do Empregado Público (OVEP) pode acceder a páxina de entrada dende a seguinte dirección:

   www.conselleriadefacenda.es/OVempregado

Para comezar co rexistro, acceda a "Servizos de Empregados Públicos Rexistrados", premendo no enlace que o levará a seguinte pantalla .




2. O premer en "Rexistrarse" pasará a pantalla onde se introducen os datos necesarios para o rexistro:



Os datos que se solicitan nesta páxina son os que figuran impresos no recibo xustificativo de haberes que se lle entrega todos os meses aos empregados públicos.

***¡ ATENCIÓN ! É importante que teña en conta as seguintes consideracións:***

- Debe cubrir os datos que se lle solicitan tal e como aparecen escritos no recibo de haberes (ten que ter diante o recibo correspondente a data seleccionada, xa que algún dato puido haber cambiado).
- Debe ter en conta tamén que estes datos son os que constan na súa habilitación de nómina. Se por algún motivo estes datos non fosen os correctos deberá poñerse en contacto co seu habilitado de nómina para cambialos. A través desta pantalla non se poden cambiar datos.
- IMPORTANTE: Por motivos de seguridade algúns díxitos correspondentes a conta bancaria aparecen ocultos. Si non recorda os díxitos correspondentes a súa conta deberá comprobalos co seu *habilitado de nóminas*. É importante tamén que lembre que deberá introducir tódolos díxitos (código de banco, código de sucursal, díxito de control e número de conta).
- IMPORTANTE: Se por algún motivo o seu número de conta cambiou, recoméndaselle dar a orde o seu habilitado para que actualice o código de conta bancaria.
- Recorde que é ***estritamente necesario*** cubrir o campo correspondente a conta de correo electrónico. Esta conta debe ser correcta e estar operativa, xa que o enlace de activación para acceder a oficina virtual do empregado público seralle remitido a esa conta de correo electrónico.

3. Unha vez cubertos todos os datos debe premer sobre o botón "Rexistrar".

   Apareceralle unha mensaxe (como o que se visualiza a continuación), que lle informa de que lle foi enviado o seu correo un enlace de acceso para confirmar o rexistro e a alta no sistema.




4. De seguido, (como poderá comprobar accedendo ó seu correo electrónico) **enviaráselle un correo á conta indicada**.
   - Se non encontra o correo, verifique que non estea na carpeta de spam.




5. Premendo sobre a ligazón que aparece neste correo, completará o proceso de rexistro.




6. Ó premer en " Aceptar" volverá a pantalla de entrada para poder acceder xa ao sistema:
   - Para acceder deberá introducir o seu NIF e o seu contrasinal (o que vostede mesmo introduciu no proceso de rexistro).



## 2. CONSULTA DOS RECIBOS DE HABERES

Unha vez identificado correctamente poderá acceder ós servizos da Oficina Virtual do Empregado, incluíndo a opción "Consulta do Histórico da Nómina" onde poderá ver e descargar todos os seus recibos de haberes.

Pode visualizar os datos completos do recibo consultado, premendo na  frecha que aparece ó lado do importe.




Se o desexa,  tamén poderá visualizar estes datos nun documento PDF así como imprimilo. So ten que premer na imaxe da parte superior da pantalla.




WHH02: Recibo justificativo de pago de salarios. - Windows Internet Explorer
Archivo Edición Ver Favoritos Herramientas Ayuda
OFICINA VIRTUAL
Empregado público
Impresión Histórico da Nómina
Paso: 1 2
- Consulta do detalle da nómina da habilitación
- Impresión do recibo de haberes
Recibo Individual Xustificativo
Ano
Mes
Período dende
ata
Habilitación
Centro de Traballo
NIF
Nome e Apelidos
Datos Xerais
T. Persoal
Cat. Profesional
Datos para o Cálculo do I.R.P.F.
Situación
Discapacide
Fillos:
Datos de Seguridade Social
C.C.C.
Nº S.S.
Detalle do Recibo
CONCEPTO
https://host.cixtec.es/FDFMerge/mergePaxinado.asp?arquivo=\\serv-download01\DirDownload01\FDFMe - Windows Internet Explorer
Archivo Edición Ir a Favoritos Ayuda
Favoritos
https://host.cixtec.es/FDFMerge/mergePaxinado....
1 / 1
122%
Buscar
XUNTA DE GALICIA
RECIBO INDIVIDUAL XUSTIFICATIVO DO PAGO DE SALARIOS
Decembro 2011
PAGADOR
DENOMINACIÓN
CENTRO DE TRABALLO
DENOMINACIÓN
NÚMERO DE REXISTRO PERSOAL
D.N.I./N.I.F.
DG
CORPO
NOME E APELIDOS
Nº MATRÍCULA
CATEGORÍA PROFESIONAL
DATOS PARA O CÁLCULO DO I.R.P.F.
Nº PATRONAL
Nº SEGURIDADE SOCIAL
GRUPO
OCUPACIÓN
CONTRATO
SITUAC.
FILLOS
ASCEN.
BANCO
PERÍODO DE LIQUIDACIÓN
Nº DÍAS
MINUSVÁLIDOS